



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Anuncio de aprobación definitiva da modificación número 2 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame

O Pleno Corporativo, na sesión do día 24/07/2025, adoptou o acordo relativo á modificación número 2 da Relación de Postos de Traballo, cuxo texto íntegro se recolle a continuación:

*"Asunto: Aprobación da modificación núm. 2 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame
Expediente: 2025/E004/000001"*

O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Primeiro: Tal e como establece o artigo 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.

Segundo: Ante a ausencia de devandito instrumento no Concello, e sendo obrigada a súa existencia, dado o disposto no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, considerouse necesario que este Concello elaborase a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización. Tras a tramitación do oportuno expediente administrativo, a Relación de Postos de Traballo foi aprobada definitivamente na sesión plenaria do 27 de maio de 2022.

Terceiro: A aprobación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, obrigou ás Administracións Públicas a habilitar os procesos necesarios para levar a cabo a citada redución do emprego temporal. Isto provocou a aprobación da Oferta de Emprego Público Extraordinaria (aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022). Do mesmo xeito, foi preciso modificar a Relación de Postos de Traballo xa aprobada. Tras a tramitación do oportuno expediente administrativo, a modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo foi aprobada definitivamente na sesión plenaria do 5 de abril de 2024.

Cuarto: Neste intre xorde a necesidade de modificar de novo a Relación de Postos de Traballo, cos seguintes obxectivos:

- 1) Posto con código 5114 (Técnico/a de Deportes). Actualmente este posto de traballo ten unha dispoñibilidade "ocasional". Preténdese a súa modificación, pasando a ter unha dispoñibilidade "parcial", para adaptala ao traballo desenvolvido.
- 2) Postos con código 4108 (Auxiliar PAI). Preténdese modificar a denominación do posto de traballo, pasando a denominarse "Técnico/a PAI" e mantendo o resto das características (funcións, grupo de clasificación e complementos salariais). Esta denominación é máis acorde coa titulación mínima esixida para o desempeño do posto (grupo laboral X, equivalente ao B dos funcionarios).
- 3) Postos con código 4208 (Xerocultor/a). Aclárase unha das funcións do posto de traballo (condución do vehículo do Centro de Día)
- 4) Posto con código 5112 (Técnico/a Museo San Finx). Modifícanse as funcións, para adaptalas ao traballo desenvolvido (Uso de dispositivos de cobro (TPV) para pagos de entradas ao Museo)

Quinto: Para esta finalidade celebrouse un contrato menor de servizos, mediante expediente electrónico 2025/C002/000006, sendo adxudicatario J&L TUDÓ CONSULTING, S.L., con CIF B70259510.

Sexto: Unha vez elaborada a proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), iniciouse a negociación coas organizacións sindicais máis representativas, sendo convidados os sindicatos: UGT, CCOO, CSIF e CIG. A Mesa Xeral estaba convocada para o luns, día 30/06/2025, ás 12:00 horas. Sen embargo, non acudiu ningún representante da parte traballadora, levantándose Acta ao respecto, que queda incorporada ao expediente administrativo.

Sétimo: O día 01/07/2025, con rexistro de entrada 202599900000325 a empresa encargada de elaborar a modificación da RPT, presenta o documento técnico para ser sometido a aprobación do Pleno Corporativo.

Oitavo: Mediante Providencia da Alcaldía solicitouse informe da Secretaría-Intervención.

Noveno: Informe da Secretaría-Intervención núm. 121/2025 do 0207/2025.

Cumprimentado o procedemento previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego publico de Galicia, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación núm. 2 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame, que consta no documento técnico incorporado ao expediente administrativo (con rexistro de entrada 202599900000068 do 10/02/2025 e con rexistro de entrada 202599900000325 de 01/07/2025).

Segundo: Aprobar inicialmente a seguinte regra para a implantación efectiva dos efectos económicos derivados da modificación núm. 2 da RPT: comezaría a aplicarse a partir da súa entrada en vigor, e con efectos retroactivos a 01/01/2025, xa que o posto de traballo afectado, está sendo desempeñado de xeito efectivo cunha dispoñibilidade parcial.

Terceiro: O expediente será sometido a información pública por un prazo non inferior a 20 días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica municipal, para que calquera interesado poida presentar as alegacións, reclamacións ou suxerencias que estime oportunas.

Cuarto: Se finalizado o período de información pública non se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións, a aprobación inicial quedaría elevada a definitiva. No caso contrario, a Relación de Postos de Traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolucións das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Quinto: Unha vez aprobada definitivamente, remitirase unha copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e Comunidade Autónoma dentro do prazo de 30 días. Do mesmo xeito, será publicada integramente no BOP"

O expediente foi sometido a un período de información pública por un prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio publicado na sede electrónica municipal o día 28/07/2025 e no Boletín Oficial da Provincia número 145 do 01/08/2025. O período de información pública rematou o día 01/09/2025. Non consta presentada ningún tipo de alegación ou reclamación contra o acordo de aprobación inicial. Por este motivo, o acordo plenario adoptado o día 24/07/2025, enténdese elevado a definitivo.

Contra o acordo plenario do día 24/07/2025, elevado a definitivo, e que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses a contar dende a publicación deste anuncio no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Pleno Corporativo, no prazo dun mes a contar dende a publicación deste anuncio no BOP, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

O resumo dos postos afectados pola modificación aprobada, recóllese como Anexo a este anuncio. As contías do Complemento Específico son as vixentes a 31/12/2024, co incremento do 2% en relación ao 2023.

No cumprimento do artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, publícase o texto íntegro do documento técnico que contén a modificación número 2 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame.

Lousame, na data da sinatura dixital.

O Alcalde, Esteban Ares García.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO:
PERSOAL LABORAL

Cód	Denominación	Dot	FP	Grupo	C D	CE	Tipo Contrato	Titulación Académica	Formación Específica
5114	Técnico/a de Deportes	1	C	II	20	9.592,86	Fixo	Diplomatura/ Grao Universitario	(1)
4108	Técnico/a PAI	2	C	X	18	4.071,24	Fixo	Técnico Superior	(2)
4208	Xerocultor/a	5	C	IV	14	1.526,72	Fixo	Graduado ESO	(3)
5112	Técnico/a Museo San Finx	1	C	II	20	1.526,72	Fixo Discontínuo	Diplomatura/ Grao Universitario	(4)

(1) Técnico/a de Deportes:

Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalación acuáticas (R.D.711/2011) ou Título de técnico (ou técnico superior) deportivo (R.D. 878/2011;879/2011) en salvamento e socorrismo (ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalación acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesional) ou acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalación acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou estar inscritos ou cando menos ter presentada solicitude de inscrición, na sección de socorristas en instalación acuáticas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

(2) Técnico/a PAI:

Licenciatura ou grao equivalente en pedagogía ou psicopedagogía. Grao en Educación Infantil. Mestre/a coa especialidade de Educación Infantil ou equivalente. Técnico Superior en Educación Infantil ou equivalentes: Técnico especialista en xardíns de infancia (rama de Servizos á comunidade) e Técnico superior en educación infantil (currículo para Galicia Decreto 86/1999, do 11 de marzo).

Carné manipulador/a alimentos en vigor. Certificado negativo antecedentes índole sexual. Coñecementos básicos de primeiros auxilios.

(3) Xerocultor/a:

Certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais. Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería (ou títulos equivalentes) ou título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia (R.D.1593/2011, do 4 de Novembro), ou título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria (R.D.496/2003, do 2 de maio) ou no seu caso, calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Carné de conducir tipo B. Carné de manipulador de alimentos

(4) Técnico/a Museo San Finx

Diplomatura/Grao relacionada cos campos de xestión cultural, patrimonial, de museos, turística ou xestión do patrimonio natural.